

Economía Producción de alimentos: unha empresa sostible?

Dende hai tempo sábese que desperdiciamos unha boa parte dos alimentos, pero a análise dos últimos datos mostra unha realidade aterradora: estímase que cada ano se desaproveitan no mundo, máis de 1.300 millóns de toneladas, é dicir 1/3 da produción mundial. En Europa, de cada 100 alimentos que se producen...máis da metade acaban no lixo.

A poboación mundial segue crescendo e aínda son 805 millóns de persoas as que pasan fame. Entón imosnos a alimentar se seguimos mantendo este nivel de desperdicio e de inxustiza?

Poderá aguantar esta presión o noso planeta?

EN EUROPA,
DE CADA 100 ALIMENTOS QUE SE
PRODUCEN, MÁIS DA METADE
ACABAN NO LIXO.



Na produción
descártanse 5




No procesamento
e transporte
pérdense 7



Nas tendas
retíranse 10



Os consumidores
desbotamos 33



RESULTADO:
Nós comemos 45%
Acaban no lixo 55%

DEPORTES

Despilfarro, a gran revelación na última edición do Torneo Impacto sobre o Planeta

O despilfarro de Alimentos destacou nas tres das probas do Torneo, competindo como un máis, co resto de países do mundo.


Os alimentos despilfarrados necesitaron unha grande cantidade de auga e enerxía para producirse (Marca Hídrica), utilizado unha superficie inmensa (Ocupación do Solo) e, como desperdicio que son, xerou un enorme volume de Gases de Efecto Invernadoiro ao descompoñerse (Marca de Carbono).



Na **Marca Hídrica** sitúase no primeiro lugar con 250 km3 de auga necesarios para a produción deses alimentos.



Na modalidade de **Solo**, Despilfarro ocupou cerca de 1.400 millóns de Hectáreas para producir os alimentos desperdiciados, estando á altura da superficie dos dous países máis grandes do mundo.



Destacou, polo seu xogo sucio, na proba de **Marca de Carbono**, compartindo podio con China e EEUU, dous grandes emisores de Gases de Efecto Invernadoiro.

Fonte: "Marca do desperdicio alimentario". FAO. Setembro 2013